

ABERTO O PRAZO DE INSCRICIÓN PARA O CURSO DE E-COMMERCE NO CONCELLO DE NIGRÁN.

A Concellería de Desenvolvemento Local do Concello de Nigrán, na actual programación de accións formativas para a nosa veciñanza, ten prevista a realización dun “Curso de E-Commerce: crea e xestiona a túa tenda online” de 26 horas de duración dirixido, prioritariamente, a todas aquelas persoas que se adiquen ao sector comercial como autónomos e queiran aproveitar a potencialidade das novas tecnoloxías e o comercio electrónico á hora de mellorar a rendibilidade dos seus negocios.

A formación impartirase nas instalacións municipais do Centro Antena, na Rúa Otero Pedrayo, nº 52, (Nigrán), os luns, mércores e venres do 26/09/16 ao 07/10/16, das 09:45 ás 14:00 horas, poñendo a disposición das persoas interesadas un total de 15 prazas, dando prioridade ás persoas autónomas do sector e, no caso de que houberse prazas vacantes, a aquelas outras que traballen como autónomas noutro sector e/ou estean desempregadas pero interesadas no comercio electrónico como posibilidade de empregabilidade inmediata.

O prazo de inscrición neste curso gratuito estará aberto do 05 ao 12 de setembro, no horario habitual de rexistro, presentando copia do CV, do DNI, da documentación acreditativa da alta como autónomos no correspondente sistema da Seguridade Social ou a tarxeta de demandante de emprego, no seu caso, cubrindo e asinando de xeito completo a ficha de inscrición que estará á súa disposición no Centro Antena, no Departamento de Desenvolvemento Local, e no Rexistro e na páxina web municipais.

Para ampliar esta información, pódese contactar co Centro Antena no teléfono 986–366572 e co Departamento de Desenvolvemento Local, no 986-365000 (extensión 7), ou formular consultas a través dos correos electrónicos centroantena@nigran.org, orlaboral@nigran.org e tle.nigran@nigran.org

A concellería continúa a planificar novas accións formativas que se irán desenvolvendo ao longo deste ano e que se irán anunciando a medida que estean pechadas.

Nigrán, 2 de setembro de 2016